

De Mondoñedo a Compostela. Cruceiros e construcións relixiosas da arte popular no Camiño do Norte

Juan J. Burgoa Fernández

Resumo: Faise un percorrido do Camiño do Norte de peregrinación a Santiago de Compostela, a través dos cruceiros, oratorios e construcións relixiosas de arte popular máis significativas que se levantan desde Mondoñedo a Santiago de Compostela, describindo as características artísticas, relixiosas e etnográficas máis relevantes dos trinta e un monumentos seleccionados.

Resumen: *Se hace un recorrido por el Camino del Norte de peregrinación a Santiago de Compostela, a través de los cruceiros, oratorios y construcciones religiosas de arte popular más significativas que se levantan de Mondoñedo a Santiago de Compostela, describiendo las características artísticas, religiosas y etnográficas más relevantes de los treinta y uno monumentos seleccionados.*

Os camiños a Santiago polo norte

Ao principio era o camiño, sinalizado de santuarios

Joseph Bédier. *Les légendes épiques*, III, 367

Tras o descubrimento en Galicia do mausoleo de mármore que contiña os restos do apóstolo Santiago nos primeiros anos do século IX, Afonso II o Casto mandou construír unha igrexa en Oviedo, en cuxa Cámara Santa depositou unha importante serie de reliquias, atraendo desta maneira cara a Asturias os peregrinos que se dirixían a Compostela pola cornixa cantábrica, nacente a que se pode considerar como máis antiga ruta de peregrinación xacobeá e na que actuou como gran imán para os fieis o culto de San Salvador de Oviedo.

Os peregrinos que se trasladaban a Galicia desde Asturias facían a través de tres vías que se foron sucedendo e estruturando ao longo do tempo. A primeira delas circulaba pola Pobra do Burón e A Fonsagrada, coñecéndose como Ruta do Interior, Camiño de Oviedo ou Camiño Francés de Asturias; a segunda vía facíao cruzando o río Eo pola Ponte Vella e entrando en Galicia por Abres cara a Mondoñedo e, na terceira e última no tempo, o Camiño da Costa, cruzaba en barca o río Eo ata Ribadeo, onde se incorporaban outros peregrinos chegados por mar desde os países nórdicos e, desde alí, pasando por Lourenzá, uníase á ruta anterior no citado Mondoñedo.

Á súa vez, este tramo do Camiño do Norte que leva desde Ribadeo ata Lourenzá presenta tres alternativas: unha pola costa atravesando o municipio de Barreiros, talvez a máis nova no tempo; outra que seguía polo interior cruzando o municipio de Trabada, a máis agreste delas; e unha última, intermedia a maneira de bisectriz entre as dúas anteriores, que atravesa as parroquias ribadenses de Ove, Cubelas e Ponte Arante, posiblemente a que foi máis usada e da que se teñen máis referencias.

Unha vez que o Camiño do Norte atravesou os irregulares vales e as terras montesías de Lourenzá e Mondoñedo, a ruta que percorren os peregrinos parece unificarse nunha única vía que vai cruzando de maneira sucesiva as terras altas e chairas de Abadín, Vilalba e Guitiriz, as zonas agrestes e montañosas de Friol e Sobrado e os relevos máis suaves de Boimorto e Arzúa, uníndose no municipio do Piñeiro a Camiño Francés para a súa entrada en Santiago de Compostela.

Parece evidente que os chamados Camiños do Norte e da Costa careceron dunha uniformidade viaria no territorio e dunha continuidade no tempo, comparables aos que presenta a ruta xacobeá por antonomasia, o Camiño Francés, semellando máis ben que foron obxecto dun proceso de formación irregular, incorporando e unindo a rede formada polos múltiples camiños iniciais outros que os diversos peregrinos foron creando ao longo do tempo.

O Camiño do Norte non foi unha gran ruta relixiosa, política e comercial como o foi o Camiño Francés, dende que xurdiu a partir do século XI, no que conseguiu unha gran sona, unha importante continuidade e cohesión estrutural e unha forte vitalidade económica, incentivado polos monarcas e a nobreza e protexido polas ordes monásticas e militares. Este feito evidente trouxo, como consecuencia, a carencia no Camiño do Norte dunha acusada pegada estética común de manifestacións artísticas como foi o caso do estilo románico e outras creacións culturais propagadas polo Camiño Francés.

De todos os xeitos, ao longo desta ruta xacobeá do norte non faltan, ademais de diversas construcións artísticas, interesantes mostras da arte popular, o que permite facer un pequeno percorrido polos cruceiros, petos de ánimas, petitorios, fornelas e outras manifestacións materiais de relixiosidade popular máis interesantes que atopan os peregrinos e viaxeiros dende Mondoñedo a Compostela dentro desta interesante ruta.

As manifestacións materiais de devoción popular no camiño a Santiago de Compostela

En terra de carballeiras,
de hórreos e de palleiras,
de mámoas e de castros,
de regatos cantareiros,
en fermosa fror de pedra
do chan abrolla o cruceiro.

Xosé M. Broz Rei

As rutas de peregrinación que conducen a Compostela conformaron dende a súa consolidación un acontecemento histórico, espiritual e cultural que se pode entender e contemplar dende

diferentes aspectos. Aínda que a peregrinación xacobeá perdeu o fondo sentido penitencial que acadou a súa culminación en época medieval, non pode deixarse de lado que aínda conserva un notable compoñente relixioso propio ou mesturado con outros aspectos culturais e materiais do propio camiño.

Dentro destas obras de devoción popular encóntrase en primeiro lugar o cruceiro, monumento moi estendido e de grande arraigamento popular dentro da comunidade galega, reflexo e sinal de identidade dunha expresión cultural propia, que se está erixindo con frecuencia no Camiño de Santiago co obxecto de sinalarlle a propia ruta ao peregrino á vez que serve para subministrarlle o socorro espiritual da súa protección e ao auxilio material das súas bancadas graduadas para o rezo, meditación e descanso.

De igual maneira, hai outras construcións como os petos de ánimas e os petitorios que, sen seren tan antigas nin estaren vinculadas de modo tan directo á ruta xacobeá como o cruceiro, tamén aparecen nas prazas urbanas e nas encrucilladas rurais como mostra do ancestral e peculiar conxunto de crenzas e costumes relixiosos do mundo tradicional galego.

Tanto os cruceiros como os petos de ánimas e petitorios encádranse dentro da arte popular que, parafraseando e ampliando a sinxela e coñecida definición de ser unha arte fabricada polo pobo e para o pobo, se caracteriza pola múltiple coincidencia do labor duns artesáns locais, que traballan no medio rural por encarga do propio pobo, elaborando a súa obra con materiais autóctonos e propios da zona e mesmo dotándoa simbolicamente con elementos referentes aos costumes, crenzas e tradicións populares do lugar.

Estas obras, enmarcadas dentro do noso singular Patrimonio Etnográfico, non sempre tiveron a atención merecida do estudo por parte dos especialistas. De maneira particular, o esquecemento e falta de atención ao cruceiro, doutro lado tan visible, abundante e representativo da comunidade galega, talvez se deba á consideración elitista de non pertencer á arte chamada culta (malia que moitos exemplares das cruces de pedra son auténticas obras de arte) e que tampouco son obras incluídas e estudadas dentro da arquitectura popular e tradicional, polo que normalmente non aparecen contempladas dentro dos inventarios e catálogos destas obras.

Por outra banda, malia tratarse de auténticas esculturas exentas, tampouco son tidas en conta nos estudos e traballos desta índole. Para máis abastanza, os seus condicionantes de arte etnográfica e relixiosa e a súa situación predominantemente rural, moitas veces illadas en lugares solitarios, coaduxuan a esta situación fronteiriza e pouco matizada, negativa para o seu coñecemento e divulgación.

Este traballo é o froito dun percorrido específico do Camiño do Norte que o autor fixo a través dos seus cruceiros e construcións relixiosas de arte popular, realizado co obxecto de ilustrar unha conferencia impartida aos alumnos participantes no proxecto cultural Aulas no Camiño da Universidade da Coruña (Campus de Ferrol), proxecto no que cada ano se están a estudar de maneira multidisciplinar as diferentes rutas de peregrinación a Santiago de Compostela e que lle permitiu ao autor coñecer e estudar a gran riqueza das múltiples e variadas obras deste teor ergueitas nos diferentes camiños xacobeos que atravesan as máis diversas paisaxes galegas.

Cruceiros e construcións relixiosas do Camiño do Norte

Concello de Mondoñedo

No centro do recollido claustro da Catedral de Mondoñedo érguese un fermoso e antigo cruceiro, no que destaca unha valiosa cruz con imaxes de estilo e formas do período gótico tardío. A plataforma de dúas bancadas cadradas e o monumental pedestal en forma de plinto con remate de repisa moldurada son de pedra de diferente calidade á do resto do cruceiro, podendo ser rehabilitado ao mesmo tempo que o claustro a finais do século XVII. A columna, curta e de sección circular lisa, inicia cunha sinxela moldura de mediacana e remata cun colariño sogueado. O capitel, que parece formar corpo co fuste, é de forma octogonal e pouco saínte, decorándose con molduras variadas e leves adornos florais nas súas caras.

A cruz é grande, de forma grega, enmarcada e moi decorada, mostrando artísticos remates ancorados nos seus extremos potenziados. Á fronte leva unha imaxe de Cristo de escaso vulto e formas pouco proporcionadas, coa cabeza grande e coroada de espiñas co letreiro de INRI, os brazos longos e delgados, cun perizoma de amplo nó á esquerda. A imaxe da Virxe do reverso é máis harmoniosa, aínda que de formas moi estáticas e simétricas, colocada en postura orante sobre peaña de cabeza de querubín e coroada por dous anxos finamente tallados en baixo relevo á fronte dos paus transversos da cruz.

No cruzamento da estrada de saída de Mondoñedo cara a Meira álzase un amplo e rechamante cruceiro coa imaxe de Cristo que lle dá acollida ao camiñante. É unha obra de gran solidez, levantada sobre unha bancada prismática de bos perpiaños e un amplo pedestal monolítico, rematado de tripla moldura en chanzo, de onde arranca a columna. O robusto varal é de sección cuadrangular, traballado con amplas canles verticais nas súas caras e remata cun capitel de curta altura, tallado na propia columna e trazado con molduras sinxelas.

Unha ampla cruz e robusta latina, de sección cuadrangular, acolle dúas imaxes desgastadas polo paso do tempo, amplas e de canon lonxilíneo. A imaxe frontal de Cristo, tallado coas súas mans abertas, a cabeza ergueita e as pernas flexionadas, está mutilada e aparece colocada

sobre unha ampla peaña de caveira con tibias, símbolo da morte. A imaxe mariana, máis curta de tamaño, é unha Virxe en postura orante, coroada por uns superficiais anxos esbozados nos paus da cruz e mostra na súa parte inferior a efixie de medio corpo dun bispo ou doador.

Dentro do núcleo urbano de Mondoñedo consérvanse dúas tradicionais fornelas que conteñen imaxes de Cristo crucificado, ambas as dúas de mantida devoción popular, situadas nos respectivos camiños do santuario da Virxe dos Remedios e da capela de San Roque no histórico barrio dos Muíños.



Cruceiro da Catedral de Mondoñedo



Cruceiro do cruzamento de Meira (Mondoñedo)

O popular Cristo dos Remedios é unha ampla construción exenta, colocada pegada a un muro e pintada de cores claras e suaves. Flanqueada por dúas pilastras e dotada dun peitoril, onde non falta a devota lámpada de aceite, ábrese unha fornela enmarcada de arco de medio punto en cuxo edículo, protexido por unha artística reixa, se atopa un crucifixo de madeira. Na parte baixa da construción aparece o relevo dunha Cruz de Malta e remata o conxunto cun frontón triangular moldurado, coroándose cunha cruz dotada dun tradicional aro de proxenie celta. A fornela do Cristo de San Roque está encaixada na parede dunha casa, onde aparece resaltada entre pilastras estriadas e un frontón triangular en cuxa parte alta leva o anagrama JHS, aparecendo todo o conxunto pintado dunha deslucida pintura dourada. A fornela de arco de medio punto protéxese por unha porta de madeira dotada de reixa metálica e no interior leva un crucifixo de pedra que aparece adornado normalmente con ramos de flores.

Seguindo a ruta xacobeá cara ao municipio de Abadín, en pleno camiño de peregrinación atopámonos co coñecido como Cristo de Sasdónigas, exemplar situado na devandita aldea mindoniense, situada sobre un muro ao bordo da antiga estrada, sendo unha obra suxestiva, xenuína e de grande interese. Neste caso trátase dunha cruz sólida e de bo tamaño, de sección octogonal e de marcados remates en flor de azucena con botón central, colocada sobre un pedestal de forma tronco-prismática, mostrando unha efixie de Cristo de formas sinxelas e ríxidas, de talla curta e cabeza grande, de longa melena, costelares marcados e conciso pano, labrada coas típicas características rústicas e expresivas da arte popular.



< Cristo de Sasdónigas



Fornela do Cristo dos Remedios (Mondoñedo)



Fornela do Cristo de San Roque (Mondoñedo)



Cruceiro de Santiago de Quende

Concello de Abadín

O Camiño da Costa entra en Abadín pola parroquia de Santiago de Quende, fronte a cuxa igrexa se alza un rechamante e ben colocado cruceiro. A súa plataforma é sinxela, elaborada de cachotaría de lousa, mentres que o pedestal é unha peza de granito cuadrangular cos seus bordos altos biselados e cunha ilexible inscrición de erección. A columna de forma oitavada adórnase na fronte cos relevos dos símbolos de instrumentos da Paixón e a escultura dun pequeno clérigo de corpo enteiro, rematando co adorno gravado dunha roda de radios rectos, símbolo profano non habitual nos cruceiros.

O capitel é de forma cuadrangular coa decoración típica da bisbarra chairega: cabezas aladas de anxiños nas caras e amplas volutas esquinais. Á fronte da cruz aparece unha imaxe de Cristo de mans abertas como símbolo da misericordia e coa cabeza erguida, co seu pano de pureza presentando unha curiosa ornamentación xeométrica que lembra motivos da arte rupestre galega, mentres que no pé aparecen as imaxes de corpo enteiro e vulto redondo da Virxe María e de San Xoán, subliñando a tradicional escena dolorosa do Calvario. Na parte posterior represéntase a Virxe de Dores, vestida de túnica e manto, nunha clásica postura recollida e orante.

No lugar de Prebecende, capital do municipio de Abadín, á beira da estrada xeral que leva a Vilalba atópase o Petitorio de Santo Antonio obra tradicional normalmente adornada de flores. É unha construción sinxela e frontal, ao estilo doutras similares da Terra Chá, que consiste nun corpo prismático de bo tamaño e amplos perpiaños, con remate de telladiño a dúas augas. Á fronte unha pequena fornella acolle unha sinxela imaxe pétrea de Santo Antonio en hábito talar e máis abaixo leva unha inscrición relativa ao santo e un peto de esmolos ao que lle falta a tapa metálica. O conxunto coróase cunha sinxela cruz de forma grega, sección oitavada e núa de efixies.



Petitorio de Santo Antonio (Abadín)

Algo máis adiante, fronte á igrexa románica de Santa María de Abadín, levántase o airoso e visible cruceiro parroquial. Sobre unha plataforma de dúas altas bancadas e un pedestal de forma tronco-cúbica álzase a columna coa clásica sección de forma cadrada-oitava-cadrada, conseguida por biselado de arestas en punta de frecha. Decórase con baixorrelevos de instrumentos da Paixón ao longo da fronte do fuste e con catro tradicionais losanxes romboidais con roeis nas caras do cadrado alto.

O capitel é de orde xónica na súa variante típica galega con ornamentación de anxiños alados e volutas sobresaíntes. A cruz, de forma grega, oitavada e de remates florenzados, acolle dúas imaxes tradicionais de Cristo tallado despegado da cruz e colocado co letreiro de INRI, e dunha doente Virxe da Piedade, colocada sedente sobre unha peaña, que mostra o fillo morto no seu colo, transmitindo así a mensaxe cristiá da Redención.

Concello de Vilalba

Seguindo o Camiño da Costa éntrase no municipio de Vilalba, con gran abundancia de cruceiros, moitos deles froito do artístico traballo dos afamados canteiros dos lugares próximos de Román e Gaioso. Na parroquia de Santiago de Goiriz, próxima á igrexa, atópase o coñecido como Campo do Cristo no que se levantan varios exemplares.

O cruceiro que se presenta é un típico exemplo dos cruceiros característicos da Terra Chá; emprego de cachotaría de lousa na plataforma, sólido pedestal granítico de forma tronco-prismática, varal oitavado con remates en punta de frecha e decoración dos típicos losanxes heráldicos nas caras do cadrado alto, característico capitel de orde xónica galega decorada con cabezas de querubín con ás tipo gravata de lazo e sobresaíntes volutas, cruz de amplo potenziado e decoración de rosetas nos seus remates, imaxes de formas tradicionais na bisbarra de Cristo crucificado e despegado do madeiro e dunha hierática Virxe da Piedade co Fillo recollido no seu colo, acompañados dunha das efixies do Calvario ao pé da cruz, por perda da outra.

Dentro da zona urbana de Vilalba, no cruzamento das estradas a Mondoñedo e Guitiriz, álzase un sólido e monumental cruceiro, hoxe esteticamente afectado pola proximidade das vivendas. Sobre a plataforma parcialmente tapada pola beirarrúa levántase un pedestal de forma tronco-prismática cunha decoración intermedia de molduras en mediacana. A columna, robusta e de sección oitavada, leva a típica ornamentación da bisbarra a base de símbolos da Paixón: martelo, cravos, tenaces, látigo ou disciplinas e escaleira.

O artístico capitel decórase con graciosas e papudas caras de anxiños orlados e volutas de amplas espirais, rematando cun ábaco curvilíneo e servíndolle de soporte a unha cruz oitavada con remates en flor de azucena. As imaxes, amplas, de bo canon e esmerado traballo, son a habitual de Cristo cravado con mans abertas e cos pés colocados sobre unha peaña de caveira, de novo o símbolo da morte, e da Virxe de Dores, vestida de amplo manto, colocada nunha hierática postura simétrica e frontal en postura orante de mans xuntas sobre unha peaña xeométrica.



Cruceiro de Santa María de Abadín



Cruceiro do Campo do Cristo (Goiriz)



Cruceiro do cruzamento de Mondoñedo (Vilalba)



Cruceiro de Santiago de Sancobade

En dirección ao municipio de Guitiriz atópase unha nova igrexa dedicada a Santiago, neste caso a parroquial de Sancobade. No xardín da casa reitoral, protexido por unha adornada reixa metálica, érguese un interesante e estilizado cruceiro de abundante e pouco corrente iconografía. Á fronte do pedestal aparece a efixie de corpo enteiro e vulto redondo de Cristo sentado durante a flaxelación, mentres que nas catro caras do pedestal aparecen as dúas escenas en baixorrelevo de Cristo coa cruz camiño do monte Calvario, detalles decorativos ambos os dous pouco habituais nos cruceiros galegos.

A columna segue a tónica decorativa da bisbarra presentando relevos de instrumentos da Paixón, ademais dunha custodia e unha pequena figura orante na parte alta. O capitel é tamén de formas habituais na zona, mentres que á fronte da cruz, de finos paus potenzados, aparece unha estilizada e detallada imaxe de Cristo, flanqueado no pé por dúas imaxes de manifesta verticalidade da Virxe e San Xoán Evanxelista. A imaxe mariana do reverso é unha Virxe da Piedade, colocada ostensiblemente máis baixa que a de Cristo, practicamente no arranque da cruz.

Concello de Begonte

O coñecido Calvario de Baamonde, un dos poucos conxuntos de tres cruces que se conservan completos en Galicia, está situado de maneira resaltada no adro da igrexa parroquial de Santiago. É unha magnífica obra do século XVIII, ben restaurada e lixeiramente desprazada da súa situación orixinal.

O cruceiro central aséntase sobre unha plataforma de bancadas boceladas e un pedestal de orde toscana con amplo rebaixe mediacana arredor. A columna é oitavada con adornados remates de landra nos biseis e o amplo e ben tallado capitel iníciase con molduras curvilíneas en tres planos mentres se decora con anxiños alados e volutas esquinais. A cruz de remate é de paus cilíndricos nodosos imitando as ramas podadas dunha árbore e decórase con imaxes de categoría de Cristo coa cabeza inclinada á dereita e co pé esquerdo montado enriba do dereito, en contra do que indica a tradición, e dunha doente Virxe das Angustias que conserva tres espadas metálicas cravadas no seu peito.



Calvario de Baamonde

Os cruceiros laterais son de menor altura e categoría que o principal, levantándose sobre plataformas convencionais, similares columnas de sección oitavada e remátanse cuns capiteis máis sinxelos, decorados con varias molduras de filete. As cruces de coroaemento son de paus de sección cuadrangular coas súas arestas biseladas, aparecendo núas de imaxes.

Concello de Guitiriz

Antes de chegar ao Calvario de Santiago de Baamonde, o Camiño xacobeo da Costa atravesa a parroquia de Pígara no municipio de Guitiriz. No lugar de Ferreira atópase o Petitorio de San Benito, sinalando o cruzamento que leva á capela do mesmo nome. É unha obra sinxela e coñecida na zona, nestes momentos coa fornela carente da imaxe do santo, o peto de esmolos sen a súa tapa, desaparecida a cruz de remate. Aparece descoidada e afeada por un sinal de tráfico e unha construción metálica pegada, sendo un triste exemplo do pouco respecto que se lles ten a estas obras de devoción popular. Non obstante, aínda ten quen lle coloca unha candeia, mentres que un sinxelo cruceiro, levantado recentemente na súa proximidade, parece querer remediar este estado de abandono do petitorio.



Petitorio de San Benito (Pígara)



Cruceiro de San Xoán de Lagostelle

De novo no municipio de Guitiriz, a ruta pasa preto da igrexa de San Xoán de Lagostelle onde se atopa un robusto e rechamante cruceiro de estilo tipicamente lucense. A habitual plataforma de tres bancadas e o pedestal cúbico soportan a grosa columna que leva unha decoración en relevo dun trisquel ou roda de radios curvos de simbolismo celta e unha pouco habitual media lúa, ademais de motivos relixiosos máis correntes como son unha escaleira, un martelo, tres cravos, as tenaces e unha espada. Todos estes relevos aparecen do lado da imaxe da Virxe, o que parece indicar un traslado do cruceiro ou unha restauración mal feita.

Un artístico capitel de forma cuadrangular mostra nas súas caras cabezas de anxiños con ás de gravata de lazo e sobresaíntes volutas nas esquinas, unha decoración de aba na parte baixa e un ábaco de remate de tripla moldura. A cruz é de forma latina, paus de canles biseladas e remates de bonete. As imaxes son de bo tamaño, talla correcta e formas algo frías, tanto o Cristo coroado de espiñas, de robusta



Calvario de Santa Cruz de Parga

aparencia e vestido cun amplo pano de pureza como a Virxe Gloriosa con coroa de pedra, esta última efixie de maior tamaño e preeminencia en contra do habitual.

Nun ramal da ruta secundaria de peregrinación que chega dende As Pontes e Xermade ata este camiño atopa a igrexa de Santa Cruz de Parga, nas súas proximidades pode verse outro interesante Calvario, tristemente incompleto dende que o ciclón Hortensia produciu o derrubamento do meritorio cruceiro central coa conseguinte desaparición da súa cruz figurada, producida polo espolio desta.

Permanecen aínda en pé ambos os dous cruceiros laterais, erixidos sobre pedestais de forma cuadrangular cunha moldura mediana arredor, columnas de sección oitavada con amplos biseis nas súas arestas e capiteis de formas pesadas elaborados en severos planos de molduras rectas de filete. Ambos os dous exemplares coróanse coas súas cruces de forma grega, paus oitavados e remates en flor de azucena, decoradas na zona central dos paus cun cáliz e unha coroa de espiñas.

Concello de Friol

Dentro dun camiño secundario procedente de Lugo atópase o cruceiro de Cotá, obra única pola súa composición dentro dos cruceiros de Galicia. Sobre unha estrutura clásica de triplo chanzo e pedestal cuadrangular levántase unha ampla cruz latina cun alto tramo vertical, enmarcada cunha curiosa e pouco habitual decoración ao estilo das cruces altas irlandesas. Ao longo das súas caras aparecen unha ampla serie de círculos con radios curvados, ao modo das svásticas celtas, e nos bordos uns avultados adornos avolutados, rematando os seus extremos potenciaados cunha ornamentación que recorda o estilo gótico flamíxero.

A parte central da cruz constitúea unha ampla roda circular, onde aparecen de novo os mencionados círculos de radios curvos, mostrando á fronte unha boa placa de mármore co relevo dunha custodia, posiblemente engadida con posterioridade á erección do cruceiro, mentres que na parte posterior leva tallado un baixo-relevo cunha clásica representación de San Martiño a cabalo.



Cruceiro de Cotá



Crucero de Santiago de Miraz

uso tradicional co pé dereito sobre o esquerdo e coas pernas colocadas en forte rotación. A imaxe posterior da Virxe co Neno nos brazos é de formas máis harmoniosas e serenas.

Concello de Sobrado dos Monxes

Atravesando os solitarios lugares da serra de Cova de Serpe éntrase no municipio de Sobrado dos Monxes polo Marco das Pías ata chegar a Guitizá onde, preto da lagoa artificial creada polos monxes cistercienses do mosteiro, se atopa o meritorio cruceiro de Guitizá, escondido na sombriza localización que lle proporcionan uns centenarios carballos e coas súas pedras embelecidas por vellos liques.

A súa desencaixada plataforma leva enriba un elegante pedestal de orde toscana con remate toroidal e unha inscrición de erección do ano 1780. A súa columna, que inicia cun dado cadrado e pasa pronto a sección octogonal, adórnase con dúas imaxes de corpo enteiro en mediorrelevo, unha delas a de Santiago peregrino, e remátase cun amplo capitel de caras molduradas en caveto. A cruz de paus cilíndricos leva dúas imaxes de calidade: de Cristo de formas tradicionais colocada coa súa cabeza coroada co letreiro de INRI e da Virxe de Dores colocada en actitude recollida sobre unha peaña, ambas as dúas mostrando restos da policromía orixinal con que estas obras se adornaban en pasados tempos.



Crucero de Guitizá



Cruceiro do mosteiro de Sobrado



Cruceiro da Virxe de Albariza

No amplo recinto de entrada ao mosteiro de Santa María de Sobrado levántase un airoso e visible exemplar que só conserva do histórico cruceiro chamado da Vía Sacra, obra orixinal do século XVII, un curioso e pouco corrente pedestal en forma dunha saínte arqueta moldurada e un traballado sobrepedestal en forma de cesta cunha ampla e baleirada decoración florida e entretecida.

O resto dos elementos do cruceiro pertencen a unha época posterior, con menor calidade e mérito: unha ampla plataforma de tres chanzos de forma cuadrangular, unha mesa de altar colocada exenta á fronte sobre unha peaña, unha columna con arestas de suave oitavado, unha sinxela cruz de paus rectangulares lisos e unhas correctas e estilizadas, aínda que anódinas e pegadas ao madeiro, imaxes de Cristo e da Virxe de Dores.

Saíndo da capital do municipio, dentro da parroquia de San Pedro de Porta, o camiño de peregrinación vén sinalado por unha nova cruz de pedra, orixinal e diferente entre as da súa clase: o cruceiro das Angustias ou da Virxe de Albariza, situado no lugar deste nome, singularizado pola única presenza dunha imaxe mariana na cruz.

O cruceiro está colocado entre a vexetación dun alto ribazo do terreo, nacente dun sólido pedestal un espigado varal de arestas biseladas e un amplo capitel cuadrangular decorado cunhas fileiras de finas follas de acanto e pequenas volutas espirais. Coróase cunha cruz de acusados remates en flor de azucena con botón central, que leva á fronte unha ampulosa efixie da Virxe da Piedade co Fillo decaído nos seus brazos, colocada de forma sedente nunha dinámica composición triangular, cunha laboriosa talla onde destaca o minucioso tratamento da súa ampla roupaxe de movidas e detalladas dobras.

Concello de Boimorto

Dentro do municipio de Boimorto e nas proximidades da ruta de peregrinación atópase o cruceiro que sinala a igrexa de San Cristovo de Dormeá. É un exemplar sinxelo, de bo tamaño e pintado de abundantes liques que se asenta sobre unha plataforma de tres bos chanzos e un amplo pedestal de forma cuadrangular, decorado con encadres enmarcados nas súas caras e os relevos moi erosionados de caveiras e píntegas, tallados como símbolos da morte e o pecado, nas esquinas. A columna iníciase cun prisma cuadrangular decorado con placas enmarcadas, pasando pronto a forma oitavada por biselado das súas arestas, mentres que o capitel é amplo e de elegantes formas xeométricas, coas súas molduras dispostas de forma graduada. Remata cunha cruz de

paus oitavados con remates de bonete e espida de imaxes, demasiado pequena para o resto da obra.

Algo máis adiante, en San Pedro de Corneda, levántase un singular cruceiro que leva un peto de ánimas de tipo pechado incorporado ao seu pedestal. O corpo superior do peto ten forma de fornela de arco de medio punto e no seu abovedado edículo están colocadas dúas sinxelas imaxes de madeira policromada correspondentes a Santo Antonio co Neno nos brazos e Santa Lucía, protexidas por unha porta de cristal. O corpo inferior, de forma prismática e mostrando restos de reparación con cemento, leva unha inscrición na cal solicita esmola para as ánimas e un peto ou cofre de esmolas dotado de tapa metálica, mostrando o conxunto restos da pintura orixinal.

A plataforma é de tres sólidas bancadas de forma cadrada e a columna que nace do pedestal prismático é de curta altura e da clásica sección oitavada, mentres que o capitel é de saíntes formas rectas levando na súa parte inferior un adorno de formas denticuladas. A sinxela cruz de remate é de paus rectangulares lisos, levando gravada na súa parte central o monograma dun Crismón.

Concello de Arzúa

Na parroquia de Santa María de Rendal, na praza da vila fronte á igrexa parroquial, levántase un cruceiro de formas xenuínas, coa súa pedra de granito limpa e repicada. A plataforma de dúas altas bancadas leva pegado na súa parte frontal un “pousadoiro”, antigo e tradicional elemento utilizado para repouso dos féretros mentres se rezaba un responso camiño do cemiterio. O pedestal é de forma tronco-prismática e as súas caras mostran os baixorrelevos de abundantes símbolos relixiosos da Paixón de Cristo. A clásica columna de sección octogonal remata cun colariño sogueado e o capitel leva unha tradicional decoración de cabezas de anxiños alados e remarcadas volutas esquinais.

O elemento máis rechamante do cruceiro constitúe a cruz oitavada de coroamento cos seus remates de flor de azucena, que acolle dúas imaxes de singulares formas populares. A efixie de Cristo é de curto tamaño, formas repoludas, cabeza grande e descolgada do madeiro. A imaxe da Virxe Gloriosa, moi pegada á cruz, represéntase nunha acentuada forma frontal remarcando as esixencias de culto de facerse ben visible aos fieis.

Pasando polo lugar do Viso, dentro da parroquia de Santa María de Arzúa, atópase un esvelto e elegante cruceiro protexido por unha cadea colocada sobre pequenos piares. Os chanzos da plataforma son de pedra de lousa e o pedestal, monolítico e cúbico, é de pedra de granito.



Cruceiro de San Cristovo de Dorneá



Cruceiro de San Pedro de Corneda



Cruceiro de Santa María de Rendal



Cruceiro do Viso (Arzúa)



Cruceiro de Santa María de Arzúa

A columna, alta e esvelta, inicia de forma cadrada, pasando pronto a cilíndrica adelgazada en altura cunha placa intermedia para unha posible inscrición e rematando cun colaríño circular.

O capitel é pequeno e moi clásico, adornándose nas caras con catro bustos e rematando con pitóns nas esquinas. A cruz figurada de remate é un traballo meritorio e de calidade, cuns finos paus oitavados e os remates amplamente florenzados. Á fronte aparece un Cristo descolgando un brazo do madeiro co que acolle un frade franciscano, como froito da tradición mendicante. A imaxe mariana é unha esvelta Virxe da Inmaculada coroada por pequenos anxos colgados dos paus da cruz, que está colocada sobre unha peaña con media lúa.

Entrando na vila de Arzúa atópase un visible cruceiro colocado xunto á estrada, ao outro lado da igrexa parroquial de Santa María, conservando da súa feitura orixinal soamente o capitel e a cruz figurada. Aséntase sobre unha alta plataforma de catro chanzos e un pedestal de forma cuadrangular. A tradicional mesa de ofrendas aséntase sobre unha dobre peaña e está debaixo do reverso da cruz, lado contrario ao habitual. A elegante columna resólvese en tres seccións: o terzo baixo é cuadrangular con enmarques e cruces inscritas, o terzo medio é de suave oitavado por bisechado de arestas e o terzo alto de oitavado máis acusado.

O capitel está ben labrado e presenta formas artísticas; está decorado cunha fileira de follas de acanto na súa parte baixa e unhas clásicas cabezas de querubíns alados á altura do ábaco. A ampla cruz é de forma latina, de adornada decoración arbórea nos paus e orixinais remates. As imaxes son harmoniosas e de trazo solto, tanto a de Cristo coa cabeza caída á dereita baixo o pergameo vertical de INRI e da Virxe da Piedade, vestida de manto ata os pés, co Fillo no seu colo.

Concello do Pino

Dentro da primeira parroquia do municipio do Pino que cruza o Camiño de Santiago levántase o bonito cruceiro neoclásico de San Breixo de Ferreiros, erixido nun cruzamento próximo á igrexa parroquial, ben protexido por unha cadea asentada sobre catro pequenos piares de cemento.

O amplo pedestal tipo plinto leva unha borrosa inscrición de erección e presenta o detalle orixinal de mostrar enriba o conxunto de tres boas imaxes de medio vulto e corpo enteiro da Virxe da Soidade flanqueado por San Xoán Evanxelista e María Magdalena nunha detallada e artística composición escultórica, aparecendo as efixies en actitude dolorosa e recollida baixo amplos doseletes arcados.

A columna é de perfecta sección circular rematada con dobre colariño da mesma forma e o capitel é de formas clásicas, decorado con cabezas de anxiños, volutas e caulículos. O remate é unha cruz de sección circular con extremos rematados en rosetas. As imaxes de bo tamaño son a de Cristo crucificado cos pés cravados e montados ao uso tradicional co pé dereito sobre o esquerdo, mentres bendice con ambas as dúas mans, e da Virxe das Angustias, vestida de longo manto de dobras, cunha espada metálica cravada no seu peito.

O cruceiro de San Miguel de Pereira levántase de forma visible nunha clásica posición de encrucillada coas súas vellas pedras revestidas de abundantes liques. A ampla bancada cuadrangular e o pedestal prismático están moi ben labrados e remátanse ambos os dous cun fino traballo de molduras boceladas. A columna é moi esvelta, de forma cilíndrica co adorno final dun colariño da mesma xeometría. O capitel de esquema dórico inicia na forma de columna e remata en forma cuadrangular con caras lisas que non presentan adornos.

A destacada cruz de coroamento do cruceiro é de acusada forma latina, sección cuadrangular e ten uns ben traballados remates trilobulados. As imaxes son de calidade e están talladas pegadas á cruz, representando a Cristo con coroa de espiñas, colocado ergueito co letreiro de INRI e mostrando as súas mans pechadas en expresión de sufrimento e da Virxe Dolorosa nunha postura recollida de mans entrelazadas, colocada sobre unha peaña de anxiño.

En plena ruta dos peregrinos atópase a histórica e coñecida fonte de Santa Irene, ao lado da capela do mesmo nome. É unha ampla construción do século XVII, fabricada de bos perpiaños de granito, presidida por un nicho ou fornela central onde se atopaba a imaxe pétreo de Santa Irene, desaparecida hai algúns anos. Os dous pináculos laterais do remate atópanse actualmente arruinados e a cruz central



Cruceiro de San Breixo de Ferreiros



Cruceiro de Santa Miguel de Pereira



Fonte de Santa Irene (O Pino)

está completamente tapada pola maleza. En resumo, un conxunto monumental que está completamente descoidado, igual que o bonito ámbito en que se levanta.

Concello de Santiago

Á entrada do Camiño no municipio de Santiago, fronte a un establecemento industrial á beira da estrada, no lugar de Mourentán, álzase un cruceiro de elaboración moi nova, que se inclúe nesta selección pola súa cuidada e elaborada iconografía, así como por servir de testemuño dos novos cruceiros que se seguen levantando nas rutas que levan a Compostela.

Sobre unha ampla plataforma graduada levántase o pedestal cuadrangular que leva as súas caras decoradas con relevos figurados de escenas alusivas aos traballos do campo e do mar. A columna iníciase de forma oitavada pasando pronto a circular e leva á fronte unha tradicional imaxe de Santiago Peregrino representado cos seus clásicos

atributos. O sólido e sobresaínte capitel é de forma tronco-prismática investida cunha decoración sobrecargada a base de cabezas de anxiños colocados entre nubes e volutas.

A fina cruz de paus cilíndricos rugosos mostra á fronte unha clásica representación do Descendemento, ao estilo de varios históricos cruceiros, con dous personaxes subidos a unha escaleira que recollen o corpo exánime de Cristo. A parte traseira representa a escena do pasmo da Virxe, nunha dolorosa composición en que María é sostida e confortada polas Santas Mulleres, tal como tamén aparece nalgúns antigos cruceiros medievais galegos.

Na ampla escalinata de subida á igrexa de San Paio de Sabugueira atópase un dos cruceiros máis monumentais do camiño, colocado en substitución do coñecido cruceiro do Home Santo cando este último foi trasladado á entrada do mosteiro compostelán de San Domingos de Bonaval. A obra álzase sobre un amplo plinto ou mesa de pedra de caras enmarcadas e remate moldurado, onde se adapta un pedestal de forma cuadrangular e con caras molduradas en escocía.

A columna é moi alta, de perfecta sección circular, e remata cun sinxelo e bonito capitel de orde dórica. A cruz é de finos paus cilíndricos nodosos e adórnanse con imaxes meritorias e de calidade. A efixie de Cristo, coroado de espiñas, é de labra detallada coa súa anatomía



Cruceiro de Mourentán (Santiago)

ben marcada e as pernas moi flexionadas. A imaxe da Virxe da Angustia é unha magnífica escultura que mostra unha efíxie mariana de talla delicada, que conserva unha espada cravada, vestida cun manto de elaborados dobros e representada sedente sobre unha peaña de tres anxiños.

O último dos exemplares que visitamos na ruta é o cruceiro de San Marcos, situado xa dentro da zona urbana de Santiago, preto da subida ao monte do Gozo. É unha obra antiga, datada no século XVII, levantada sobre unha sinxela plataforma de catro bancadas e a última fai as funcións de pedestal. A columna inicia e remata cadrada, con amplos biseis na súa parte central, levando a media altura unha imaxe de corpo enteiro de San Marcos sobre peaña, colocado do lado da imaxe da Virxe, como consecuencia do seu último traslado.

O capitel de época ten forma cuadrangular e decórase cunhas volutas apenas esbozadas nas súas esquinas. A cruz é de forma latina, sección oitavada e os seus remates traballados en potencia. Adórnase cunhas suxestivas imaxes que mostran a súa antigüidade. Como motivo principal da obra á fronte aparece unha boa escultura de Cristo con coroa de espiñas e vestido dun amplo pano de pureza, mentres que na parte de atrás mostra unha imaxe da Virxe que porta o Neno nos seus brazos.



Cruceiro de San Paio de Sabugueira



**< Cruceiro de San Marcos
(Santiago)**

Epílogo

Ao longo desta ruta puidemos facer un percorrido por obras da arte popular de todo tipo, unhas de mérito histórico ou artístico, outras máis sinxelas, simples expresións da relixiosidade popular, bastantes delas mostran un aspecto descoidado e mesmo de abandono. En todo caso, traballos dos nosos canteiros e artistas populares, sempre interesantes e merecedores da nosa atención e dos estudosos do patrimonio, moitos deles tan pouco receptivos a estas obras representativas da nosa cultura popular.

Tamén ao longo desta ruta, como nos demais camiños de peregrinación a Compostela, o autor debe lamentar o desleixamento e abandono a que, en moitos casos, os responsables das diferentes administracións, incluída a Igrexa e os municipios - por outra parte os entes máis próximos e normalmente propietarios destas obras-, someten estes monumentos populares que encerran moitas claves da nosa identidade e da nosa cultura. Afortunadamente e en bastantes casos, os veciños destas obras, como dignos e merecedores depositarios históricos da súa memoria e propiedade, son os que os coidan e protexen do abandono e espolio.

A pesar de que desapareceron moitos dos cruceiros e cruces de pedra que se levantaban nos tramos galegos dos diferentes camiños de peregrinación a Compostela, aínda se conservan varios exemplares de interese e se seguen levantando outros, que continúan lembrando a súa tradicional función de guía, compañía e auxilio espiritual para moitos dos peregrinos que seguen realizando a ruta xacobeá. É de desexar que estes camiños de Santiago continúen sinalados e adornados polos cruceiros, tal como nolo lembra nos seus versos Noriega Varela, o poeta da montaña luguesa:

Lucindo xoias benditas,
sempre montaña te vexo
os cruceiros pras citas,
pra os devotos as ermitas,
pra os mortos o adral da igrexa.

Bibliografía

a) Sobre o Camiño do Norte

FERNÁNDEZ PULPEIRO, J. C.: *Los Caminos de Santiago en la provincia de Lugo*. Deputación Provincial de Lugo, 1998.

GARCÍA BAYÓN, C.: *Los Caminos de Santiago en Galicia*. Biblioteca Gallega, 1991.

LÓPEZ GÓMEZ, F. S.: *Roteiros de Compostela*. Arco Atlántico. A Coruña, 1993.

SUÁREZ, I. e SÁIZ, S.: *Los Caminos del Norte*. Xunta de Galicia, 1993.

DE TORRES LUNA, M.^a P.: *Los Caminos de Santiago y la geografía de Galicia*. Xunta de Galicia, 1995.

YZQUIERDO, R. e FERREIRA, E.: *El Camino de Santiago del Norte en la provincia de Lugo. Ruta de la Costa*. Deputación Provincial de Lugo, 1992.

Rutas Xacobeas de Galicia. Edición del Diario de Ferrol, 1999.

Santiago en los caminos históricos de Galicia. Mapa escala 1:250.000. Instituto Geográfico Nacional, 1993.

b) Sobre os cruceiros e petos de ánimas

ARRIBAS ARIAS, F. e BLANCO PRADO, J. M.: *Cruceiros de Guitiriz*, Edición do Castro. Sada, 1999.

ARRIBAS ARIAS, F. e BLANCO PRADO, J. M.: *Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade*. Edición do Castro. Sada, 2000.

ARRIBAS ARIAS, F., BLANCO PRADO, J. M. e SAAVEDRA PÉREZ, M.: *Cruceiros, cristos, cruces e esmoleiros de Abadín*. Edición do Castro. Sada, 2000.

BURGOA FERNÁNDEZ, J. J.: *De Ferrol a Compostela. Los cruceros del Camino Inglés. Aulas no Camiño*. Servicio de Publicacións da Universidade da Coruña. Ferrol, 1997.

BURGOA FERNÁNDEZ, J. J.: *Los cruceros, el Patrimonio Etnográfico y el arte popular*. Edición do Castro. Sada, 2003.

BURGOA FERNÁNDEZ, J. J.: *Cruces, cruceiros e petos do Camiño Portugués en Galicia*. Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. Vigo, 2005.

ERIAS MARTÍNEZ, A.: *Debuxos de Galicia (II). Cruceiros*. Briga Edicións. Betanzos, 1997.

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E.: *Cruces e cruceiros de ánimas de Galicia*. Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. Vigo, 1996.

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E.: *Esmoleiros, petos e cruceiros de ánimas de Lugo*. Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. Vigo, 2002.

LAREDO VERDEJO, J. M.: *Os nosos cruceiros*. Boreal-Xuntanza Editorial. A Coruña, 1993.

RODRÍGUEZ CASTELAO, A.: *As Cruces de Pedra na Galiza*. Editorial Galaxia. Vigo, 1984.

TRAPERO PARDO, J.: *Os cruceiros*. Revista *Lucus*, número 27. Lugo, 1974.

Gran Enciclopedia Gallega. Voz “Cruceiros”, tomo 7, José C. Valle Pérez. Voz “Peto de ánimas”, tomo 24, Begoña Bas López. Santiago - Xixón, 1974 - 1978.